

MEMORIA-INFORME PARA TRAMITAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA E VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ESTUDANTES DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN TÉCNICAS ESTATÍSTICAS

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

A universidade de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo teñen ten como principal obxectivo prestar o servizo público de educación superior, realizando actividades de docencia e investigación e potenciando as prácticas en empresas ou institucións que contribúan á futura inserción laboral dos seus estudantes.

Por outra banda, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico e co Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do Instituto Galego de Estatística (IGE), entre as funcións encomendadas que se lle encomendan nos seus plans anuais de actuación figuran, dentro do apartado de “Cursos, seminarios e outras actividades formativas e divulgativas” as “Prácticas de alumnos das universidades galegas”. Todo isto en coherencia coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e como actuacións complementarias ás reguladas na Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021.

Polo exposto, parece conveniente subscribir un convenio de colaboración entre as catro entidades, para proporcionar aos estudantes do Sistema Universitario de Galicia (SUG) a posibilidade de realizar prácticas tuteladas no IGE.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Que dentro da Secretaría Xeral, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, segundo o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do IGE, asume o impulso e a tramitación administrativa do expediente.
- Que se deberá solicitar á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda un informe previo sobre o proxecto deste convenio de colaboración entre o IGE e as entidades que conforman o SUG.
- Que, por tratarse dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención xeral ou delegada.



- Que, por non ter orzamento económico, tampouco cómpre aplicar a instrución segunda do Acordo do 29 de xuño de 2000 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se ditan instrucións para coordinar as achegas económicas da Xunta ás universidades galegas, relativa á solicitude de informe á Dirección Xeral de Universidades.
- Que é aplicable o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que conforman o capítulo VI “Dos convenios” dentro do título preliminar.
- Que tamén é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou entes de dereito público ou privado, e o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo Técnico Xurídico e de Contratación

Mónica Martínez Otero

A Secretaria Xeral

Rosa Elvira Fernández González

